

Vive o rural



Deputación
Pontevedra

Esta guía informativa enmárcase na **terceira edición do programa "Vive o rural"**, impulsado para realizar saídas educativas a granxas escola da provincia de Pontevedra, todas elas inscritas no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia.

O principal obxectivo do programa é servirlle de **apoio ao labor educativo** que se desenvolve nos centros de ensino.

As visitas consisten na realización de diversas actividades de contacto cos animais, labores da horta, obradoiros educativos e outras dinámicas de natureza análoga, que se detallan a continuación.

"Vive o rural" desenvolverase nos períodos de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

As datas recomendadas que se indican en cada actividade correspóndense co período óptimo para a súa realización, segundo a granxa escola. As solicitudes de visitas fóra desas datas recomendadas poderán ser atendidas, se ben non se pode garantir que as condicións da actividade se axusten exactamente á descrición establecida neste catálogo.

GRANXA ESCOLA SERANTELOS



Datos

Teléfono: 639 030 802

Correo de contacto: granxaescola@salesianoscombados.es

Enderezo do establecemento: Serantellos, 1, 36639 Cambados

Horario de apertura: de 10.30 a 17.00 h

Accesibilidade: non todas as instalacións están adaptadas para persoas con mobilidade reducida

Núm. de rexistro no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia: 36-GE-01

Ligazón á páxina web ou redes sociais:

- Facebook: [@granxaescola.serantellos](https://www.facebook.com/granxaescola.serantellos)
- Instagram: [@granxaescola_serantellos](https://www.instagram.com/granxaescola_serantellos)
- X: [@gr_serantellos](https://twitter.com/gr_serantellos)

Condições xerais da visita

Opcións de visita. Ofrécense tres modalidades:

1. Medio día sen comida. De 10:30 a 13:30 h
2. Medio día con comida. De 10:30 a 15:00 h
3. Día completo (con ou sen comida). De 10:30 a 17:00 h

Opcións de alimentación. Ofrécense dúas modalidades:

1. **Con comida:** menú elaborado na granxa escola. Hai dispoñibilidade de menús adaptados a alerxias, intolerancias e necesidades dietéticas especiais.
2. **Sen comida:** as persoas participantes levan a súa comida de casa.

Tarifas (ano 2026)

Período	Tarifa por alumna/o				Tarifa por docente
	Medio día		Día completo		
	Sen comida	Con comida	Sen comida	Con comida	
Xan.-marzo Set.-dec.	15 €	19 €	21 €	25 €	Gratuíto
Abril-maio	17 €	22 €	23 €	28 €	Gratuíto

Política de reservas. A reserva realízase por teléfono ou Whatsapp (639 030 802) ou por correo electrónico (granxaescola@salesianoscambados.es).

Actividade 1: A nosa amiga a granxa escola Serantellos

Rango de idade: educación infantil e primaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 80, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a abril e de setembro a decembro.

Descrición da actividade (medio día):

- **Benvida.** Presentación do equipo de monitorado da granxa escola.
- **Os animais de Serantellos.** Achegamento aos mamíferos e ás aves da granxa escola. Aprenderanse as características e coidados que require cada especie.
- **Petisco.** Breve pausa para recargar enerxías.
- **O forno de Mamá Margarita.** No obradoiro de pan artesanal realizarase todo o proceso (moer, peneirar, amasar, cocer...).

Actividade 2: Descubre o rural en Serantellos

Rango de idade: educación infantil e primaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 80, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a abril e de setembro a decembro.

Descrición da actividade:

Mañá:

- **Benvida.** Presentación do equipo de monitorado da granxa escola.
- **Os animais de Serantellos.** Achegamento aos mamíferos e ás aves da granxa escola. Aprenderanse as características e coidados que require cada especie.
- **Petisco.** Breve pausa para recargar enerxías.
- **O forno de Mamá Margarita.** No obradoiro de pan artesanal realizarase todo o proceso (moer, peneirar, amasar, cocer...). Por suposto, pódense elaborar outros produtos artesanais de forma sinxela (rosquillas de anís, galletas de xenxibre, avea etc.).
- **Comida.**

Tarde:

- **Obradoiro da horta ecolóxica.** Traballos relacionados coa horta ecolóxica:
 - Recollida e clasificación de produtos hortícolas e sementes.
 - Compostaxe.
 - Métodos tradicionais de cultivo.
 - Elaboración de bolsas de sementes da granxa (cabazas, xirasoles, millo etc.).
 - Plantas aromáticas e medicinais, sacos de olores, infusións do mundo...
- **Despedida.**

FERVENZAVENTURA



Datos

Teléfonos: 986 696 622 e 695 069 933

Correo de contacto: info@fervenzaventura.com

Enderezo do establecemento: Reboreda, Abades, 6, 36589 Silleda

Horario de apertura: de 10.30 a 17.30 h

Accesibilidade: non todas as instalacións están adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

Núm. de rexistro no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia: 36-GE-04

Ligazón á páxina web ou redes sociais:

- Web: <https://www.fervenzaventura.com>

Condicións xerais da visita

Opcións de alimentación. Ofrécense dúas modalidades:

- **Con comida:** menú elaborado na granxa escola.
- **Sen comida:** as persoas participantes levan a súa comida de casa. Hai dispoñibilidade de salas ou zonas de pícnic exteriores.

Tarifas (ano 2026)

Tarifa por alumna/o		Tarifa por docente	
Sen comida	Con comida	Educación infantil	Educación primaria e secundaria
26 €	32 €	1 acompañante de balde cada 15 participantes	1 acompañante de balde cada 20 participantes
Acompañante adicional: 10 €			

Política de reservas. Para facer efectiva a reserva da visita, o centro educativo ou anpa deberá remitir por correo electrónico o seguinte:

1. A ficha de reserva do centro escolar ou anpa cuberta, asinada e selada. Poden descargala na seguinte ligazón:

<https://fervenzaventura.com/wp-content/uploads/2025/09/FICHA-DE-RESERVA-CENTRO-ESCOLARAMPA-20252026.pdf>

2. O xustificante bancario en concepto de “Reserva”, por un importe de 300 euros, na conta ES19 2080 5013 7130 4001 3205, a nome de Turismo Galego Medioambiental, S. L.

Actividade 1: A vida na granxa

Rango de idade: educación infantil.

Número mínimo e máximo de participantes: 25 e 150, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

Descrición: esta actividade está deseñada como unha xornada de aprendizaxe vivencial e exploración sensorial, centrada no coñecemento e no respecto polo medio natural e os seres vivos (animais e plantas). Mediante as dinámicas propostas, potenciaranse a psicomotricidade, a identificación de especies e a conciencia ambiental.

- **Animais da granxa.** Coñeceranse os animais da granxa (cabalos, burra, becerras, porco, ovellas, cabras, coellos, galiñas, pavos, parrulos, ocas, faisáns...), nunha visita guiada ás instalacións. Abordaranse as súas características, diferenzas, aproveitamentos e os coidados que requiren a través de actividades coma a alimentación, a limpeza, o cepillado e os xogos temáticos.
- **Horta ecolóxica.** Traballarase na horta ecoeducativa para coñecer os diferentes cultivos. Estimularanse os sentidos por medio de xogos e pequenos labores de coidado da horta como plantar, sementar, regar... As boas prácticas e unha dieta saudable serán o fío condutor desta actividade.
- **Obradoiro de pan.** Elaborarase o pan de maneira tradicional e cocerase no forno de leña. Durante a realización deste, descubriranse os distintos tipos de cereais e como evolucionou o proceso da panificación ao longo do tempo. O alumnado converterase en panadeiro por un día, participando en todo o proceso.

Actividade 2: Aventura

Rango de idade: educación primaria e secundaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 25 e 200, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

Descrición: esta experiencia ofrece algo máis que actividades deportivas. Está deseñada para que as e os participantes se superen a si mesmos e comprobén que poden conseguir os obxectivos que se propoñan, sen esquecer a diversión. Póñese especial énfase na seguridade, polo que se empregan só materiais e equipos homologados e baixo a supervisión de monitorado especializado.

- **Escalada.** A actividade desenvólvese nun rocódromo de 4 caras e 8 metros de altura, con 8 vías de diferente dificultade. A súa textura e irregularidades simulan unha montaña real. Esta actividade pode ser complementada coa tirolina.
- **Tirolina.** Unha das actividades máis espectaculares. Dispón dunha corda tirolesa de 100 metros de lonxitude que lles permite ás e aos participantes "voar" a máis de 25 metros de altura por riba das árbores. Para acceder a ela realízase unha escalada previa por unha das paredes do rocódromo.
- **Tiro con arco.** Póñase a proba a destreza e a concentración das e dos participantes, tentando dar o máis preto posible do centro da diana. En función das idades, dispoñeranse diferentes dinámicas de grupo para facer a actividade máis emocionante e participativa.
- **Orientación con GPS.** Divididos por equipos, as persoas participantes terán que atopar as balizas agochadas no bosque, axudados polo GPS, o compás e o mapa, e realizar unha proba en cada unha delas. O traballo colectivo, o enxeño e a creatividade serán as mellores ferramentas para superar o desafío.

Actividade 3: Educación ambiental

Rango de idade: educación primaria e secundaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 25 e 200, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

Descrición: aproveitando o bosque que rodea o centro, levaranse a cabo actividades de coñecemento do medio natural.

- **Segredos do bosque.** Por equipos, terán que seguir as pistas que irán atopando, as cales levarán a descubrir as curiosidades da flora e fauna. A contorna natural transformarase nun gran taboleiro de xogo, favorecendo o gozo e a exploración.
- **Seguindo as pegadas.** A través do estudo e interpretación dos rastros, pegadas e indicios dos animais do bosque, coñeceranse os seus hábitos e modos de vida. Na Aula da Natureza analizaranse as mostras e as e os participantes converteranse en auténticos rastreadores.
- **Aula da Natureza.** Percorrerase o bosque na procura de elementos descoñecidos da flora e da fauna. Posteriormente, analizaranse no espazo da Aula da Natureza para descubrir que a contorna é un mundo cheo de tesouros escondidos.

Actividade 4: A vida no campo

Rango de idade: educación primaria e secundaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 25 e 200, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

Descrición: despois dunha breve introdución teórica, as e os participantes entrarán en contacto co mundo rural a través do sector primario e desde unha perspectiva ecolóxica.

- **Animais da granxa.** Coñeceranse os animais da granxa (cabalos, burra, becerras, porco, ovellas, cabras, coellos, galiñas, pavos, parrulos, ocas, faisáns...) e abordaranse o seu ciclo vital e os cuidados que precisan. Levaranse a cabo actividades prácticas coma a alimentación, limpeza, cepillado e xogos temáticos. Ademais, destacarase a importancia do papel que desempeñan as granxas familiares no medio rural.
- **Horta ecolóxica.** Traballarase na horta ecoeducativa onde, a través da agricultura ecolóxica, se coñecerán os diferentes cultivos, o ciclo vital das plantas, os seus cuidados e aproveitamentos. As boas prácticas e unha dieta saudable serán o fío condutor desta actividade.
- **Obradoiro de pan.** Elaborarase o pan de maneira tradicional e cocerase no forno de leña. Descubriranse os distintos tipos de cereais e como foi evolucionando a panificación. As persoas participantes poderán converterse en panadeiras por un día.
- **Proceso artesanal da la.** Familiarizaranse co proceso tradicional da la, que inclúe as fases de lavado, secado, cardado, fiado e tinguido con tinturas naturais.

EL KIRIKO



Datos

Teléfono: 986 768 600

Correo de contacto: reservas@kirikonatura.com

Enderezo do establecemento: Soutosico, 20, 36847 Fornelos de Montes

Horario de apertura: de 9 a 18 h

Accesibilidade: as instalacións están adaptadas para persoas con mobilidade reducida

Núm. de rexistro no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia: 36-GE-05

Ligazón á páxina web ou redes sociais:

- Facebook: [@elkiriko](#)
- Instagram: [@elkiriko](#)
- TikTok: [@elkiriko](#)
- Web: www.kirikonatura.com

Vídeo de presentación: https://youtu.be/8hBlkw4_huo

Condicións xerais da visita

Opcións de alimentación. Ofrecense dúas modalidades:

- **Con comida:** menú elaborado na granxa escola que inclúe merenda de media mañá, almorzo e merenda da tarde. Hai dispoñibilidade de menús adaptados a alerxias e intolerancias, pero o centro deberá comunicalas previamente.
- **Sen comida:** as persoas participantes levan a súa comida de casa, e poderán empregar as instalacións da granxa escola.

Tarifas (ano 2026)

Tarifa por alumna/o			Tarifa por docente
Sen comida	Con comida		Almorzo gratuíto para as persoas acompañantes que se precise
24,50 €	Educación primaria e ESO	Educación infantii	
	31,00 €	29,50 €	

Política de reservas. É necesario efectuar unha reserva previa a través dun formulario (dispoñible para a súa descarga en <https://kirikonatura.com/programas/programas-escolares>), que se achegará por correo electrónico (reservas@kirikonatura.com).

Unha vez confirmada a data, deberá realizarse un pagamento de 350,00 € en concepto de “Reserva” na conta ES17 0081 5097 150001177521, indicando o nome do centro ou anpa.

Actividade 1: Natureza en transición. Outono no bosque

Rango de idade: educación primaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 100, respectivamente.

Datas recomendadas: de setembro a novembro.

Descrición da actividade (visita de día completo, de 10:30 a 17:30 h): as nenas e os nenos participarán en actividades monitorizadas (presentacións, dinámicas, xogos e obradoiros) que os achegarán á metamorfose que experimentan os bosques durante o outono e as lendas a ela vencelladas.

Propóñense as seguintes:

- **Lendas da terra.** Ten como obxectivo conectar a natureza coa cultura e destacar a importancia de árbores e froitos nas tradicións e no imaxinario cultural de Galicia. Todas as actividades da xornada contarán cunha pequena lenda galega asociada a ela e coa temática do contorno natural.
- **Taboleiro tolo.** Gran xogo por equipos que combina o percorrido por un taboleiro con probas divertidas e preguntas para aprender sobre os cambios que se dan no noso bosque autóctono durante o outono e as solucións adaptativas da natureza. Busca comprender a necesidade de adaptación dos seres vivos ante a escaseza de recursos. Esta actividade é susceptible de ser cambiada pola actividade de coñecemento e contacto cos animais da granxa se o centro visitante o solicita.
- **A natureza, modelo sustentable.** Trátase dun percorrido de interpretación natural no que as nenas e os nenos verán exemplos de como a natureza persiste pola súa sustentabilidade. Durante o percorrido, en cada parada deberán atopar a etiqueta na que figurará un elemento dunha lenda (personaxe principal, secundario, lugar onde

se desenvolve a acción etc.) e unha pintura de cera. Ten como obxectivo fomentar o respecto pola biodiversidade e o aproveitamento sostible dos recursos, así como coñecer os factores claves do equilibrio ecolóxico (facendo especial fincapé nas relacións tróficas e as interaccións ambientais dos ecosistemas).

- **Arte no outono.** Cos elementos que foron conseguindo no percorrido do bosque, cada equipo construírá unha lenda e a decorará con calcos de follas feitos con cera e outros elementos pictóricos que desexen plasmar. O obradoiro busca promover a creatividade, a tradición oral e o traballo en equipo a través de actividades prácticas e artísticas.

Actividade 2: PLANeta TERRA, PLANeta VIDA

Rango de idade: educación secundaria obrigatoria.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 100, respectivamente.

Datas recomendadas: de setembro a novembro.

Descrición da actividade (visita de día completo, de 10:30 a 17:30 h): consistirá en actividades monitorizadas que as e os achegarán ao obxectivo xeral de favorecer a identificación das accións humanas que propician o cambio climático, o coñecemento das súas consecuencias e o espertar dun compromiso persoal coa contorna natural e o aproveitamento dos recursos.

Propóñense as seguintes:

- **Experimentando co cambio.** Presentación do programa mediante unha dramatización que incluírá un experimento sinxelo sobre a influencia do CO₂ no incremento da temperatura. O seu obxectivo é comprender como o CO₂ é o principal factor no quecemento do planeta.

- **Natur-xogo.** Gran xogo por equipos de preguntas e pequenas probas divertidas para repasar ou asentar conceptos relativos ao cambio climático. Ten como obxectivo manexar adecuadamente os conceptos directamente vencellados a esta temática (sustentabilidade, pegada de carbono, equidade ecolóxica, xustiza ecolóxica).
- **O mellor modelo.** Percorrido polo bosque autóctono combinado con dinámicas de educación ambiental. Sentirémonos como un elemento máis da vida diversa do planeta e observaremos a natureza como modelo de adaptabilidade, sustentabilidade e aforro enerxético mediante a observación *in situ* de exemplos concretos.
- **Unha pegada ben distinta.** Choiva de ideas sobre o que podemos facer de xeito individual para facer máis pequena a nosa pegada de carbono na vida cotiá. Busca obter un compromiso persoal para tentar diminuíla.

Actividade 3: Pequenas accións, grandes cambios

Rango de idade: educación primaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 100, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a marzo.

Descrición da actividade (visita de día completo, de 10:30 a 17:30 h): as nenas e os nenos participarán en actividades monitorizadas que os achegarán aos obxectivos da Axenda 2030 sobre desenvolvemento sostible. Mediante a aprendizaxe activa (baseada en actividades prácticas, experimentos e xogos) perséguese concienciar sobre a crise ambiental e o cambio climático, comprendendo a súa interconexión co desenvolvemento sostible, a pegada ecolóxica e a xustiza ambiental, fomentando accións concretas para a sustentabilidade.

Propóñense as seguintes:

- **O mundo que queremos.** Xogo teatralizado na que unha ou un monitor ten a capacidade de outorgarlles desexos ás e aos participantes se superan unha serie de pequenas probas. Cada equipo terá entón a posibilidade de formular un desexo para un mundo mellor. Veranse despois os desexos e compararanse cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030. A finalidade é coñecer os 17 ODS, incidindo naqueles relacionados co respecto á nosa contorna natural. Esta actividade é susceptible de cambiarse pola actividade de coñecemento e contacto cos animais da granxa se o centro visitante o solicita.
- **O maior dos tesouros.** Xogo de pistas no que as nenas e nenos irán descubrindo na contorna natural os diferentes elementos do ciclo da auga e como se ve condicionado polos cambios no clima ao tempo que condiciona todo o medio natural. Ten como finalidade comprender a interconexión entre os ecosistemas, o clima e os seres humanos, e a importancia da auga como base de interrelación entre eles.
- **Malas pegadas.** Inclúe o seguinte:
 - As xeracións dos esquíos: é unha actividade de movemento que poñerá de manifesto dun xeito lúdico a nosa tendencia ao consumismo, que fai que se incremente a nosa pegada de carbono.
 - Teatriño de Dona Eulogia: consiste na comparación, cun toque de humor, entre os hábitos de vida dos nosos avós e avoas e os actuais.
 - As boas pegadas: é un obradoiro de elaboración dun caderno con follas en forma de pegada luminosa nas que nenas e nenos deixarán constancia das pequenas accións ás que se poden comprometer para contrarrestar a súa pegada ecolóxica.

O obxectivo é recoñecer a pegada de carbono persoal e comprender como as nosas accións diarias impactan no medio, concienciando de que pequenos cambios nos hábitos (aforro enerxético, consumo responsable...) supoñen beneficios para o planeta.

Actividade 4: Un bosque de xente miúda

Rango de idade: segundo ciclo de educación infantil.

Número mínimo e máximo de participantes: 15 e 100, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a marzo.

Descrición da actividade (visita de día completo, de 10:30 a 17:30 h): as nenas e os nenos participarán en actividades monitorizadas que os achegarán ao obxectivo xeral de favorecer o coñecemento e o contacto coa natureza na procura de despertar interese e fomentar o respecto cara a ela.

Propóñense as seguintes:

- **Un fogar cheo de vida.** Conto acompañado dun xogo de busca na procura dun primeiro achegamento ao noso bosque autóctono e os seus habitantes. Ten como obxectivo focalizar o interese das e dos nenos na temática da xornada: a natureza.
- **O bosque encantado e encantador.** Percorrido por un bosque de árbores con caras e personalidade propia no que serán elas as que lles conten e os fagan interactuar coa natureza a través dos sentidos. Búscase comprender as relacións que existen entre os seres vivos no bosque e a importancia das árbores para todas as formas de vida e para nós.
- **Froitos, follas e pedras.** Batería de pequenos xogos de movemento, de agrupación, de contar e de relacionar que ten como nexo común elementos do bosque. Busca despertar o interese pola contorna natural aproveitando o que nos dá para aprender e divertirse.
- **Facendo bosque.** Elaboración dun cadro de texturas coa temática do bosque. Esta actividade é susceptible de cambiarse pola actividade de coñecemento e contacto cos animais da granxa se o centro visitante o solicita. O seu obxectivo é favorecer o desenvolvemento da psicomotricidade fina.
- **A ollos pechos.** Xogos de identificación de sons, texturas e olores do bosque, que teñen como finalidade experimentar a natureza a través dos sentidos que menos usamos.

CORAZÓN DE CARBALLO



Datos

Teléfono: 646 677 221

Correo de contacto: info@corazondecarballo.es

Enderezo do establecemento: Vilar, 45, 36740 Tomiño

Horario de apertura: de 9 a 18 h

Accesibilidade: as instalacións están adaptadas para persoas con mobilidade reducida

Núm. de rexistro no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia: 36-GE-07

Ligazón á páxina web ou redes sociais:

- Facebook: [@corazondecarballo](https://www.facebook.com/corazondecarballo)
- Instagram: [@corazondecarballo](https://www.instagram.com/corazondecarballo)
- Web: <https://corazondecarballo.com>

Condições xerais da visita

Opcións de alimentación. Ofrécese dúas modalidades:

- **Con comida:** menú elaborado na granxa escola (dous pratos e mais sobremesa). Hai dispoñibilidade de menús adaptados a alerxias, intolerancias e necesidades dietéticas especiais, pero o centro deberá comunicalas previamente.
- **Sen comida:** as persoas participantes levan a súa comida de casa. Poderán empregar as instalacións da granxa escola, pero correrá a cargo do profesorado ou persoas responsables do grupo a supervisión e atención deste durante a comida.

Ademais, durante a visita inclúense dúas pausas para merenda (froita e bocadillos pola mañá, biscoito caseiro pola tarde).

Tarifas (ano 2026)

Período	Tarifa por alumna/o		Tarifa por docente	
	Sen comida	Con comida	Educación infantil	Educación primaria e secundaria
Xan.–marzo Set.–dec.	25 €	32 €	1 acompañante de balde cada 15 participantes	1 acompañante de balde cada 20 participantes
Abril–maio	27 €	34 €	Acompañante adicional: 10 €	

Política de reservas. Para facer efectiva a reserva da visita, o centro educativo ou anpa deberá remitir por correo electrónico o seguinte:

1. O formulario de reserva debidamente cuberto. Pode descargarse na seguinte ligazón: <https://corazondecarrallo.com/contacto>
2. O xustificante bancario en concepto de “Nome do centro/anpa _ día da visita”, por un importe de 350 euros, na conta ES50 0238 8307 7506 0071 4207.

Actividade: Granxeiro por un día

Rango de idade: educación infantil, primaria ou secundaria.

Número mínimo e máximo de participantes: 1 e 60, respectivamente.

Datas recomendadas: de xaneiro a maio e de setembro a decembro.

Descrición: a xornada organízase cun sistema rotativo de grupos reducidos para garantir a participación activa e individualizada. Todos os grupos realizarán as mesmas actividades base. Ademais, o centro ou anpa deberá elixir outra de entre as seguintes para realizar durante a visita:

Para infantil, primaria e secundaria:

- **Que fan eses vermes? Compost e vermicompost.** Actividade didáctica onde se aprenderán os procesos de compostaxe e vermicompostaxe. Participarase activamente alimentando as miñocas, peneirando a terra e coñecendo o papel dos fungos e insectos na xestión de residuos.
- **Sementes: orixe de vida.** Abordarase o mundo das sementes, os seus usos e clasificacións. Realizaranse obradoiros prácticos (sementeiras, xerminados, repoboación...) con dinámicas de xogo, variando segundo a estación.
- **Xincana das froitas e verduras.** Xogo de probas e dinámicas divertidas onde se aprenderá a importancia dunha alimentación saudable, centrada nas propiedades e calidades das froitas e verduras.
- **De onde veñen...? Da nosa horta!** Actividade que achega o coñecemento dos procesos da horta ecolóxica, a rotación de cultivos e a importancia da fauna hortícola. Realizaranse accións acordes coa tempada (transplantes, recoñecemento de flora e fauna, hotel de insectos etc.).

- **MusicArte.** Actividade que dará o toque rítmico á xornada. Experimentaranse diferentes culturas musicais mediante xogos, reciclaxe, bailes, cantigas e ritmos adaptados ás idades do grupo.
- **Xogos tradicionais.** Enfocada en reavivar antigas formas de xogo e espertar a creatividade, engadindo temáticas presentes na granxa para reforzar estas tradicións.

Para primaria e secundaria:

- **Pinturas naturais.** Crearase unha paleta de cores, aprenderanse técnicas de elaboración de pinturas e construíranse pinceis con materiais naturais.
- **Oriéntate!** Aprenderanse diferentes técnicas (naturais e artificiais) de orientación e supervivencia no medio natural, utilizando a observación como recurso útil.
- **Queixería.** Apréndese e experimentase de forma activa o proceso de elaboración do queixo: coñeceranse os procesos de elaboración, os callos naturais e artificiais que se poden empregar e os sistemas de prensado e curación, entre outros.
- **Muíños: unha forma de vida.** Presentarase este oficio e tradición antiga, e coñeceranse os diferentes procedementos e útiles empregados para transformar o gran en fariña. A actividade inclúe a recolleita de gran, o transporte e a transformación de alimentos.
- **Creando miniecosistemas.** Montarase un pequeno mundo autosuficiente no interior dun tarro, que reproducirá as dinámicas da Terra (horizontes terrestres, biosfera, ciclo da auga).
- **As nosas amigas, as abellas.** Búscase crear conciencia sobre a importancia das abellas no ecosistema e o papel dos meleiros no coidado da biodiversidade. Realizarase un obradoiro práctico con produtos procedentes das abellas.

- **Xabóns.** Aprenderase sobre a elaboración de xabóns naturais, traballando con plantas aromáticas e medicinais e destacando a importancia da reciclaxe e reutilización do aceite usado.
- **Instrumentos naturais: asubíos.** Aprenderase a construír un instrumento, o asubío de bugallo, como facían as nosas avoas e avós. Cada participante levará consigo o seu propio instrumento.
- **Aula de natureza: caderno de campo.** Actividade experimental e manipulativa onde se coñecerá a flora e fauna autóctonas. Anotarase o aprendido nun caderno de campo feito polas e polos participantes, reforzando o respecto polo medio.

A ECOGRANXA



Datos

Teléfono: 603 914 751

Correo de contacto: visitas@aecogranxa.com

Enderezo do establecemento: Riomouro Pequeno, s/n, 36995 Poio

Horario de apertura: de 9 a 14 h

Accesibilidade: as instalacións están adaptadas para persoas con mobilidade reducida

Núm. de rexistro no Rexistro de Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia: 36-GE-10

Ligazón á páxina web ou redes sociais:

- Instagram: [@aecogranxa](https://www.instagram.com/aecogranxa)
- Web: www.aecogranxa.com

Condicións xerais da visita

Opcións de alimentación. Ofrécense tres modalidades:

- **Sen comida:** as persoas participantes levan a súa merenda e comida de casa.
- **Con merenda:** unha merenda elaborada na granxa escola, exenta de alimentos ultraprocesados: sándwichs de lacón e queixo galego, biscoito, *hummus* con crudités, froitas de temporada e augas saborizadas.
- **Con comida e merenda:** menú con produtos locais elaborado na granxa escola: pan caseiro con aceite, pasta con carne picada e xelatinas saborizadas das froiteiras propias.

Tarifas (ano 2026)

Tarifa por alumna/o			Tarifa por docente
Sen comida	Con merenda	Con comida e merenda	
12 €	17 €	25 €	Gratuíta

Política de reservas. A reserva realízase por teléfono ou Whatsapp (603 914 751) ou por correo electrónico (visitas@aecogranxa.com).

Actividade: Descubrindo a vida no campo

Rango de idade: educación infantil e primaria.

Número mínimo e máximo de participantes: : 15 e 45, respectivamente (recoméndase unha aula, pero poden asistir dúas).

Datas recomendadas: de xaneiro a abril e de setembro a decembro.

Descrición: a xornada consiste nunha visita guiada á granxa educativa enfocada nas dinámicas propias das estacións de outono e inverno. O alumnado poderá coñecer de preto os animais e aprender sobre os cambios da natureza e a continuidade da vida rural no período de baixas temperaturas.

A experiencia fomenta o respecto polo medio e o traballo en equipo, promovendo unha perspectiva de observación e coidado da contorna rural.

Actividades prácticas:

A xornada inclúe actividades prácticas adaptadas á idade e á estación, centradas no ciclo natural do ano:

- **Visita guiada aos animais:** percorrido por todas as instalacións con contacto directo cos animais (alimentación e coidado, respectando o seu espazo).
- **Tarefas de estación:** recolleita de froitas e verduras de tempada e aprendizaxe sobre a importancia de preparar as hortalas para o inverno.
- **Coidado da granxa:** participación en diversas tarefas adaptadas á idade.

A duración aproximada da visita é de tres horas.



xuventudereto@depo.gal

www.depo.gal